

Resolución do 17 de xuño de 2025 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesora Titular de Universidade da área de Coñecemento de Socioloxía a Mónica Belén Fernández Suárez.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso convocado por esta universidade por Resolución do 26 de febreiro de 2025 (BOE/BOE do 10 de marzo de 2025), para a provisión da praza número 25/002, de Profesora Titular de Universidade da área de Coñecemento de Socioloxía, Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación desta universidade, a favor de Mónica Belén Fernández Suárez, con DNI núm.***2384** e unha vez que a persoa interesada acredítase os requisitos establecidos na convocatoria.

Este reitorado, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Mónica Belén Fernández Suárez, Profesora Titular de Universidade da área de Coñecemento de Socioloxía, Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación desta universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no “Boletín Oficial do Estado”, a persoa candidata deberá tomar posesión da súa praza.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o Reitor da Universidade da Coruña, conforme ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou recurso contencioso administrativo, ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, no prazo de dous meses.

A Coruña, 17 de xuño de 2025

A Vicerreitora de Profesorado

Por delegación do Reitor (10/07/2024)

María Teresa López Fernández